

# **REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

## **PUBLICACIÓNS:**

**Inicial BOP N° 252, de data 02/11/2002**

**Ultima modificación BOP n° 134 de data 15/06/2021 (expediente 1807/2021)**

## ***Capítulo I.***

### ***Normas xerais. Artigo 1. Obxecto***

O obxecto do presente regulamento é a regulación do servizo de abastecemento de auga potable do termo municipal de Xinzo de Limia.

Para os efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase “aboado” a calquera usuario, persoa física ou xurídica, que teña contratado o servizo de augas.

Entenderase por Entidade subministradora a que efectivamente realice o servizo de abastecemento de auga.

### ***Artigo 2. Forma de xestión e titularidade do servizo.***

O servizo de abastecemento de auga potable é de titularidade municipal, sen prexuízo da forma de xestión que aprobe o Concello.

O Concello de Xinzo de Limia poderá presta-lo servizo de abastecemento de auga potable mediante calquera das formas previstas en dereito; poderá estrutura-lo servizo e dará publicidade da súa organización, sexa cal sexa a forma de prestación elegida, directa ou indirecta, de acordo co establecido no texto refundido de réxime local. Dará credenciais ás persoas a el adscritas, para coñecemento e garantía de tódolos usuarios.

## ***Capítulo II.***

### ***Obrigações e dereitos da entidade subministradora e dos aboados.***

#### ***Artigo 3. Obrigações da entidade subministradora.***

A entidade subministradora estará suxeita ó cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Presta-lo servizo a todo petionario e amplialo a todo abonado que o solicite nos termos establecidos no presente regulamento e outras disposicións aplicables.
- b) Mante-las condicións sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable.
- c) Mante-la dispoñibilidade e regularidade da subministración.
- d) Colaborar co abonado na solución das situacións que na subministración poida presentar.
- e) Efectua-la facturación tomando como base as lecturas periódicas dos contadores, e a tarifa legalmente autorizada polo organismo competente.

#### ***Artigo 4. Dereitos da entidade subministradora.***

A entidade subministradora ten os seguintes dereitos:

- a) Cobro dos servizos prestados da auga consumida polo abonado, cos prezos das tarifas oficialmente aprobadas.



- b) Comprobación e revisión das instalacións interiores dos abonados, podendo impo-la obriga de tomar tódalas medidas correctoras en caso de que aquelas produciran perturbacións no servicio.
- c) Dispoñer dunha tarifa do servicio suficiente para autofinanciarse, de acordo co contrato suscrito no concurso de adxudicación do servicio.

#### **Artigo 5. Obrigacións do abonado.**

O abonado estará suxeito ás seguintes obrigas:

- a) Satisfacer puntualmente o importe do servicio de auga de acordo co previsto neste regulamento, e conforme as tarifas e taxas vixentes.
- b) Paga-las cantidades resultantes de liquidación por error, fraude ou avería imputables ó abonado.
- c) Usa-la auga suministrada na forma e usos establecidos na póliza.
- d) Absterse de establecer ou permitir derivacións na súa instalación para a subministración de auga a outros locais ou vivendas ós consignados na póliza.
- e) Permitti-la entrada ó local da subministración nas horas hábiles ó de normal relación co exterior. ó persoal do servicio que, exhibindo a acreditación pertinente, trate de instala-los elementos precisos e inspecciona-las instalacións.
- f) Respetar-los precintos colocados polo servicio ou polos organismos competentes da administración.
- g) Cumprir-los condicións e obrigas contidas no contrato ou póliza.
- h) Comunicarlle á entidade subministradora calquera modificación na domiciliación do recibo.
- i) Comunicarlle á entidade subministradora calquera modificación na instalación interior, en especial novos puntos de consumo que resulten significativos polo seu volume.

#### **Artigo 6. Dereitos do abonado.**

O abonado ó servicio gozará dos seguintes dereitos.

- a) Dispor de auga nas condicións hixiénico-sanitarias de conformidade coa normativa legal aplicable.
- b) Dispor de condicións técnicas de presión que, de acordo coas instalacións da vivenda, industria ou outros, sexan adecuadas e de conformidade coa normativa legal aplicable, cando non sexan imputables á iniciativa privada.
- c) Solicitalle á entidade subministradora as aclaracións, informacións e asesoramento necesarios sobre o servicio.
- d) A que se lle facturen os consumos de acordo coas tarifas vixentes.
- e) Suscribir un contrato ou póliza de subministración, suxeito ás garantías da normativa establecida.
- f) Formula-las reclamacións administrativas que considere convintes de acordo co procedemento establecido neste regulamento.

### **Capítulo III.**

#### **Instalacións do abastecemento de auga.**

#### **Artigo 7. Elementos materiais do servicio.**

Son elementos materiais do servicio de abastecemento de auga potable os seguintes:



As captacións de auga, elevacións, depósitos de almacenamento, rede de distribución e as conexións.

a) Depósitos de almacenamento. A capacidade nos depósitos de regulación e a reserva da rede urbana de distribución deberá ser sempre suficiente para garanti-las necesidades do servizo.

b) Rede de distribución. É aquela necesaria para abastecer toda a poboación do municipio nas condicións establecidas regulamentariamente.

b.1) Distribución primaria: Serán aqueles tubos da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse conexións.

b.2) Distribución secundaria: Cualificaranse como conduction viarias os tubos da rede de distribución que discorren ó longo dunha vía pública ou privada, trala constitución da oportuna servidume, e das que se derivarán, se é o caso, as conexións para as subministracións, bocas de rego e tomas contra incendios.

c) Conexión. Comprende o conxunto de tubos e outros elementos que unen as redes de distribución secundarias coa instalación interior do inmovible que se pretende abastecer.

A conexión responderá ó esquema básico que se adxunta como anexo a este regulamento e constará dos seguintes elementos:

c.1) Dispositivo de toma: encóntrase colocada sobre o tubo da rede de distribución e abre o paso da conexión.

c.2) Ramal: é o tramo de tubo que une o dispositivo de toma coa chave do rexistro.

c.3) Chave do rexistro: estará situada ó final do ramal de conexión na vía pública e xunto ó inmovible. Constitúe o elemento diferenciador entre a entidade subministradora e o abonado, no que respecta á reparación desta.

## **Capítulo IV.**

### **Conexións.**

#### **Artigo 8. Solicitude.**

A solicitude de conexións ás redes de distribución de auga potable deberá presentarse de forma independente, para cada predio que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificacións, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento. Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios no mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, a entidade subministradora poderá decidi-la conveniencia de realizar unha única conexión.

Os locais que estean situados nas plantas inferiores da unidade independente de edificación, aínda cando non tiveran acceso común, deberán abastecerse da correspondente batería xeral de contadores de inmovible.

Naqueles casos nos que, a xuízo de entidade subministradora, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible, poderá solicitar conexións independentes.

#### **Artigo 9. Tramitación de solicitudes.**

A petición farase en impreso normalizado que facilitará o prestador da entidade subministradora. Na solicitude farase constar como mínimo o nome do solicitante ou a súa razón social, o domicilio, o nome do futuro aboado, domicilio da subministración carácter desta, uso ó que ha de destinarse a auga, caudal necesario ou bases para fixalo de acordo coa normativa vixente e domicilio e teléfono para notificación.



### **Artigo 10. Aprobación.**

A aprobación de toda subministración de auga realizaraa sempre o Concello, tralos informes da entidade subministradora, con estricta suxeición ó disposto neste regulamento.

### **Artigo 11. Denegación de solitudes.**

O servizo poderá denega-la solicitude de conexión ou conexións ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

- a) Que o inmovible para abastecer non estea situado na área de cobertura do abastecemento.
- b) Que o inmovible que se pretende abastecer non conte con instalacións interiores dispoñibles nin adecuadas ás normas do presente regulamento.
- c) Que o inmovible para abastecer non dispoña de conexión para vertidos de auga residuais e pluviais,ou non teña resolto o sistema de evacuación destas.
- d) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.
- e) Cando algunha parte das instalacións xerais debe discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredita a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada, salvo que os propietarios, autoricen documentalmente a realización das obras.
- f) Cando a presión no punto de conexión de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo, e non se instalaran, a cargo do abonado, o grupo de elevación e alxibe correspondente, non diseminante ou en zona rural non consolidada.
- g) Cando a presión no punto de conexión de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo, e non se instalasen, a cargo do abonado, as medidas de redución de presión adecuadas, non diseminante ou en zona rural non consolidada.

### **Artigo 12. Determinación e execución.**

Serán competencia do servizo. A súa execución será competencia do usuario, do constructor ou do propietario do predio, quedando da súa propiedade o ramal instalado e será o servizo quen determine a aptitude da obra, con informe previo sobre as modificacións que na rede existentes deban efectuarse e que tamén serán satisfeitas polo petionario.

En todo caso será por conta do petionario a reparación e reposición do terreo público afectado polas obras.

De tódolos xeitos nunca se permitirá que ninguén alleo ó servizo poida manipular a rede pública de abastecemento agás o adxudicatario do servizo.

### **Artigo 13. Posta en carga da conexión.**

Instalado o ramal da conexión, o prestador porao en carga ata a chave de rexistro, que non poderá ser manipulada ata despois da formalización do correspondente contrato, momento no que pode empeza-la subministración, ó reunilas instalacións interiores as condicións necesarias.

### **Artigo 14. Conexión de incendios.**

Poderánse instalar conexións para alimentar exclusivamente os sistemas de protección contra incendios nos predios onde os propietarios o soliciten, podendo o abonado utiliza-las bocas de incendio en beneficio de terceiros.

A conexión á rede pública de abastecemento das conexións para sistemas contra incendios requirirá a sinatura dun contrato específico entre o servizo e o abonado.



O dito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministración ordinario e estará, polo tanto, suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles. A utilización das conexións de incendios quedará restrinxida ás persoas autorizadas directamente polo abonado que as solicitara, a entidade subministradora e os servizos públicos destinado á extinción de incendios.

Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas por persoal da entidade subministradora, entendéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto.

Nestas bocas de incendios as chaves que queden precintadas, o abonado non poderá romper-lo precinto máis que nos casos de incendio, debendo darse aviso á entidade subministradora no prazo de vinte e catro horas seguintes ó suceso. Nos casos nos que os empregados do servizo encontraran roto o precinto, sen lexítimo motivo, porán o feito no coñecemento da Delegación de Industria que resolverá o que preceda, sen prexuízo do expediente sobre defraudación que teña que seguir a Corporación municipal.

#### **Artigo 15. Conservación de conexións.**

O manexo, reparación e cambio das conexións será sempre competencia exclusiva do servizo, quen realizará os traballos correspondentes a cargo do petionario; sa sexa este, o usuario, o propietario ou o construtor do inmovible.

Pódese establecer unha taxa de conservación de conexións quedando a definir na correspondente ordenanza, asumido neste caso o servizo o mantemento e a responsabilidade civil dos danos causados a terceiros por rotura destas.

#### **Artigo 16. Ampliación de conexións.**

No caso de que un predio aumentase, despois de realizada a conexión, o número de servizos, ó ampliarse o número de vivendas, e as conexións existentes foran insuficientes para unha normal satisfacción das novas necesidades, solicitaráselle ó servizo a substitución da conexión por outra adecuada. Os gastos que teñan que facerse por mor de demanda serán por conta do abonado.

#### **Artigo 17. Conexión en desuso.**

Finalizado ou rescindido o contrato de subministración, o ramal de conexión queda á libre disposición do seu propietario, pero se este, dentro dos vinte días seguintes non comunica fededignamente ó servizo a súa intención de que se retire da vía pública, consignando para tal efecto na caixa da entidade subministradora o importe dos gastos que ocasione a citada operación entenderase que se desinteresa do ramal de conexión en desuso, podendo o servizo tomar, respecto a este, as medidas que considere oportunas.

#### **Artigo 18. Ampliación de rede.**

Para os efectos deste regulamento, considérase a necesidade de ampliar-la rede de abastecemento existente, nos seguintes casos:

- a) Cando existan redes de distribución de auga en terreo público colindante co inmovible e o novo enganche representa unha caída de presión o caudal apreciable no abastecemento.
- b) Cando a diferenza ata o punto de conexión sexa superior a 6m.
- c) Cando non exista rede na marxe do inmovible.
- d) Cando, aínda existindo rede, esta se poida catalogar como distribución primaria.

Cando para a execución dunha conexión sexa necesario efectuar unha prolongación da rede xeral, correrá por conta do solicitante a totalidade dos gastos que se orixinen con motivo da dita ampliación, e farase constar no presuposto que se confecciona para o efecto. Pasando a propiedade municipal ó finaliza-la execución desta.



As obras de ampliación executadas un contratista debidamente autorizado, para o que deberá dispor da cualificación correspondente, podendo ser adxudicada á propia entidade subministradora se participa no concurso correspondente.

A dirección, vixilancia e inspección das ampliacións da rede efectuará directamente a entidade subministradora, que fixará, así mesmo, as condicións e especificacións técnicas e sanitarias que deberán ser observadas na súa execución.

As prolongacións de rede deberán discorrer con carácter xeral, por terreos de dominio público. Naquelas partes da rede que se sitúen excepcionalmente en terreo privado, os propietarios dos terreos afectados polo paso do tubo porán a disposición da entidade subministradora unha franxa de dous metros de ancho ó longo do percorrido da rede, sen que poidan obstaculizar, por ningún medio, o acceso do persoal ou maquinaria para reparación e inspeccións.

Nos casos nos que o solicitante da prolongación da rede non fose propietario dos terreos por onde teña que discorre-la instalación, e non existise outra alternativa, aquel poderá convir co propietario a adquisición do terreo necesario o constituír unha servidume do acueducto para o establecemento ou prolongación da rede, inscribíndoa no Rexistro da Propiedade.

A entidade subministradora terá plena liberdade para conectar estas instalacións ás conexións xa existentes na zona ampliada.

### **Artigo 19. Urbanización e polígonos.**

As instalacións das redes de abastecemento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor, con execución ó correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo concello, tralo informe da empresa adxudicataria do servizo.

Para os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación da infraestrutura viaria e de servizos, tanto se as obras se realizan para a conexión entre as distintas parcelas ou soares nos que se divida o terreo, como se se executan para unila urbanización ou polígono con outra xa urbanizada e con servizos.

O permiso de conexión da subministración para o polígono ou urbanización, así como para os soares e inmobles situados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

- a) Os esquemas das redes interiores de distribución, así como as demais instalacións relacionadas, serán proxectados polo técnico competente, debendo ser executados por conta do promotor ou propietario de urbanización ou polígono, e con cumprimento das normas técnicas do servizo.
- b) As obras e instalacións previstas no proxecto aprobado e as modificacións que, convenientemente autorizadas pola entidade subministradora son introducidas posteriormente, executaranse igualmente por conta do promotor ou propietario, se é o caso, por unha empresa instaladora, coa correspondente clasificación empresarial, e sempre instaladora, coa correspondente clasificación empresarial, e sempre baixo a dirección dun técnico deste último.
- c) A entidade subministradora poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas e ensaios que estime convenientes, co fin de garanti-la idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten ós materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realiza-las conexións de abastecemento nos posibles edificios, soares ou parcelas desta, (sen a previa autorización da entidade subministradora) e sen formalizar o correspondente acordo.



O enlace das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada pola entidade subministradora, así como as modificacións ou eventuais demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

Unha vez rematadas as instalacións, serán verificadas pola entidade subministradora, e, se as encontrara conformes á regulamentación técnica e sanitaria vixentes, informará ó concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a domicilio público, asumido a xestión e mantemento dos servizos de abastecemento, unha vez que lle sexa ordenado polo Concello.

## **Capítulo V**

### **Instalacións interiores**

#### **Artigo 20. Execución das instalacións.**

A instalación interior, coa excepción da colocación do contador, será realizada por instalador autorizado polo organismo que corresponda, e deberá executarse cumprindo as normas para as instalacións interiores de subministración de auga, aprobadas por Orde do Ministerio de Industria do 9 de decembro de 1975, ou as vixentes no momento de contratación, con especial previsión das contingencias da variación de presión da rede de distribución.

De acordo con estas o propietario ou abonado atravesará o muro de cerramento do edificio de tal modo que o tubo quede solto e lle permita a libre dilatación, sen ben deberá ser rexuntado de forma que á vez o edificio quede impermeabilizado, sen que polo tanto no caso de fuga a auga non poida prexudicarlo inmovible e danar xéneros ou aparatos situados no interior, sen ningún tipo de responsabilidade do servizo.

#### **Artigo 21. Inspección da instalación.**

A instalación interior efectuada polo propietario e/ou abonado estará sometida á comprobación do servizo e a superior dos organismos competentes da administración, co fin de constatar se foi executada segundo as normas e cumpre as prescricións deste regulamento e doutras disposicións aplicables. De non axustarse a instalación interior ós preceptos indicados, o servizo poderá negarse a realiza-la subministración, e poderá informa-lo feito ós organismos competentes para que resolvan o que sexa necesario.

#### **Artigo 22. Materiais da instalación.**

Non se lle impondrá ó abonado a obrigação de adquirir-lo material para a súa instalación interior nin nos almacéns do servizo nin en ningún outro determinado, e só se lle esixirá que o material se axuste ó que dispoñan as normas básicas para as instalacións interiores para a subministración da auga vixentes no momento da contratación.

#### **Artigo 23. Prohibición de mesturar auga de diferentes procedencias.**

As instalacións correspondentes a cada póliza non poderán ser empalmadas a unha rede, tubo ou distribución doutra procedencia. Tampouco poderá empalmarse ningunha instalación procedente doutra póliza de aboamento, nin mesturación a auga dos servizos con calquera outro. O abonado instalará os dispositivos regulamentarios para impedi-los retornos accidentais cara á rede.

En casos tecnicamente xustificadas, cando as instalacións industriais precisen de subministracións propios, distribuídas conxuntamente coa auga procedente do servizo, poderá autorizarse a conexión sempre que:

- a) A auga non se destine a consumo humano.



b) Se adopten menidas tecnicamente suficientes, segundo criterio do servicio, para evitar retornos de auga cara á rede pública.

## **Capítulo VI**

### **Contadores**

#### **Artigo 24. Control de consumos.**

A mediación dos consumos que servirán de base para a facturación de toda subministración realizaranse por contador, propiedade do aboado, que é o único que dará fe da contabilización do consumo. Sen prexuízo do establecido para cada caso polas normas básicas para instalacións interiores de subministración de auga, como norma xeral, a medición de consumos efectuarase mediante:

a) Contador único: cando no inmovible ou predio só exista vivenda ou local, nos subministración provisionais para obras e nos polígonos en proceso de execución de obras, e en tanto no sexan recibidas as súas redes de distribución interior.

b) Batería de contadores divisionarios: cando exista máis dunha vivenda ou local, será obrigatorio instalar un aparello de medida para cada unha delas e os necesarios para os servicios comúns.

Toda vivenda unifamiliar ou local comercial, independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ó exercicio profesional ou a prestación dalgún servicio disporá dun contador individual que será propiedade do abonado.

Os edificios en que fose necesario instalar grupos de elevación de auga, deberán dispor dun contador xeral para control de consumos. Este contador seral de referencia estará instalado na cabeceira da conexión ó depósito comunitario, e na póliza correspondente a esta conexión figurará como abonado a comunidade de usuarios.

En caso de que unha comunidade de usuarios tivera instalados contadores individuais, a facturación levarase a cabo polos importes correspondentes a cada contador individual. Sen embargo , cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza facturarase a comunidade de usuarios.

O abonado vén obrigado a dispor dunha protección para que no caso dunha fuga a través do contador esta teña unha saída natural ó exterior, sen que poida causar danos ó inmovible, nin a nada do contido nel. A entidade declina toda responsabilidade polas consecuencias deste feito.

#### **Artigo 25. Contador único.**

Instalarase, en posición horizontal , xunto coas súas claves de protección e amniobra nun armario , homologado pola entidade suministradora, exclusivamente destinado a este fin, emprazado na planta baixa do inmovible, xunto o portal de entrada e empotrado no muro da fachada ou cerramente da propiedade que se pretende abastecer e, en calquera caso, con acceso directo dende a vía pública.

Excepcionalmente, en caso debidamente xustificado, poderá instalarse o contador único e as súas claves de manobra nunha cámara baixo o nivel do chan, que ha de ter acceso directo dende a rúa e situado o máis próximo posible á fachada ou cerramento da propiedade.

O armario ou a cámara de aloxamento do contador estará perfectamente impermeabilizado e disporá de desaugadoiro directo á rede de sumidoiro, capaz de evacua-lo caudal máximo de auga que achegue a conexión na que se instale.

Así mesmo, estarán dotados dunha porta e pechadura homologadas pola entidade subministradora.

#### **Artigo 26. Batería de contadores divisionarios.**





As baterías de contadores divisionarios instalaranse nos locais ou armarios única e exclusivamente destinados a este fin, situados na planta baixa so inmoible, na zona de uso común, con acceso directo dende o portal de entrada.

As baterías para centralización de contadores responderá a tipos e modelos oficialmente aprobados e homologados, tendo en conta que tódolos contadores deberán situarse en posición horizontal.

Na orixe de cada montante e no punto de conexión deste coa batería de contadores divisionarios, instalarase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede de distribución.

Condições dos locais. Os locais para baterías de contadores terán unha mínima de 2.5 m e as súas dimensións en planta serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0,60 m e outro de 1,20 m diante da batería, unha vez medida cos seus contadores e chaves de manobras.

As paredes, teito e chan destes locais estarán impermeabilizados, de forma que se impida a formación de humidade nos locais periféricos.

Disporán dun sumideiro, con capacidade de desaugadoiro equivalente ó caudal máximo que poida chegar calquera das conduccións derivadas da batería, no caso de saída libre de auga.

Estarán doados de iluminación artificial, que asegure un mínimo de 100 lux nun plano situado a un metro sobre o chan.

A porta de acceso terá unhas dimensións mínimas de 0,80 m por 2,05 m abrirá cara ó exterior do local e estará construída con material inalterable pola humidade e dotada con pechadura normalizada pola entidade subministradora.

Condições dos armarios. No caso de que as baterías de contadores se aloxen en armarios, as dimensións destes serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0,50 m e outro de 0,20 m entre a cara interior da porta e dos elementos máis próximos a ela.

Cumprirán igualmente as restantes condicións que se esixen os locais, se ben, os armarios terán unhas portas con dimensións tales que, unha vez abertas, presentan un oco que abarque a totalidade das baterías e os seus elementos de medición e manobra.

Os armarios estarán situados de tal forma que ante eles e en toda a súa lonxitude, exista un espazo libre dun metro.

Xa se trate de locais ou de armarios, no lugar destacado e de forma visible, instalarase un cadro ou esquema no que, de forma indeleble, queden debidamente sinalizados os distintos montantes e saídas de baterías e a súa correspondencia coas vivendas e/ou locais.

### **Artigo 27. Tipo de contadores.**

Os contadores serán sempre de modelo oficialmente homologado e debidamente verificado con resultado favorable, e deberán ser precintados polo organismo da administración responsable da dita verificación.

A selección do tipo de contador, a súa clase (alomenos clase B), o seu diámetro, e emprazamento, determinaraos o prestador do servizo, de acordo coas normas básicas para as instalacións interiores de subministración de auga, vixentes no momento da contratación, segundo o tipo de domicilio para suministrar, ou en relación co caudal punta horario previsto en subministracións especiais.

No caso de que o consumo real non concorde ó concertado entra m b a s partes e non gardase a debida relación co que corresponde ó rendemento normal do contador, este deberá ser substituído polo outro de diámetro adecuado, quedando obrigado a satisfacer os gastos ocasionados.

### **Artigo 28. Instalación do contador.**



Non se instalará contador ningún, ata que o usuario do servizo subscriba a póliza do aboamento correspondente.

A colocación e instalación de contadores realizaraa a entidade subministradora, correndo os gastos a conta do abonado. O custo de instalación quedará determinado polo correspondente cadro de prezos.

A entidade subministradora manterá unhas existencias de contadores, adecuadas ás necesidades a caudais da subministración, para venderllos ós abonados que o soliciten. A venda dos ditos contadores realizarase de conformidade co cadro único de prezos vixente e aprobado polo Concello.

O servizo poderá establecer na correspondente ordenanza o réxime de alugamento de contadores para os abonados que así o soliciten.

A colocación do contador polo propio persoal anexo ó servizo non eximirá do pagamento a entidade subministradora da tarifa de instalación correspondente, quen, ademais, poderá rexeita-la instalación efectuada por terceiros no caso de ser incorrecta.

O contador na súa unión coa instalación será precintado pola entidade subministradora, no podendo ser manipulado máis que por esta.

### **Artigo 29. Verificación e conservación dos contadores.**

Será obrigado abonado a custodia do contador o aparello de medida, así coma conservar e mantelo en perfecto estado, sendo extensible esta obriga, tanto ó precintos do contador, como ás etiquetas daquel. A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obriga, recaerá directamente sobre o abonado titular da subministración.

Unha vez instalados, aínda sendo propiedade do abonado, non poderá ser manipulado máis que polos empregados do servizo, e para estes será debidamente precintado cantas veces se proceda á súa colocación.

O abonado terá a obriga de facilitar ós representantes e oporarios so servizo o acceso ó contador, sempre e cando presente a correspondente acreditación do servizo.

O mantemento dos contadores será realizado polo servizo e a conta e cargo dos usuarios. O servizo Facturará ós usuario o importe das ditas substitucións de acordo co cadro de prezos unitario aprobado polo concello e vixente en cada momento.

Pode establecerse unha taxa de conservación quedando a definir na correspondente ordenanza.

Considerarase conservación e mantemento de contadores a súa vixilancia, reparación e cambio, incluída montaxe e desmontaxe, na súa localización actual, sempre que as averías ou anomalías observadas sexan imputables ó uso do aparello. Quedan excluídas desta obriga as avarías debidas manipulación indebida, abuso de utilización, catástrofe e xeadas.

### **Artigo 30. Renovación periódica de contadores.**

Establécese, para os efectos deste regulamento, que a vida útil máxima dun contador é de dez anos.

Transcurrido este tempo deberá ser substituído a cargo do abonado, ben segundo a tarifa correspondente ou ben a través da taxa de conservación.

### **Artigo 31. Desmontaxe de contadores.**

A conexión e desconexión do contador ou aparello de medida sempre será realizada pola entidade subministradora, quen poderá precinta-la súa instalación, sendo a única autorizada para desprecintalo por motivos derivados da explotación.

Os contadores ou aparellos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

a) Por extinción do contrato de subministración.



- b) Por avería do aparello de medida aínda cando non exista reclamación previa do abonado.
- c) Por renovación periódica, en función de canto para o efecto se establece neste regulamento, salvo que exista reclamación previa do abonado.
- d) or alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparello instalado.

### **Artigo 32. Liquidación por verificación.**

No caso de que un abonado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ó rexistrado polo seu contador, poderá solicita-la súa revisión á entidade suministradora. O abonado deberá depositar para tal efecto as tarifas de verificación e os gastos correspondentes.

A entidade suministradora deberá desmonta-lo contador e este remitirase á Delegación de Industria ou un laboratorio homologado oficialmente. A entidade subministradora poderá substituír inmediatamente o contador que deba ser verificado por outro novo e correctamente homologado.

Se se probara que o funcionamento do contador é o correcto, o abonado perderá a fianza de verificación depositada. Se o funcionamento do contador fose incorrecto, devolverse-llle ó abonado a cantidade depositada como fianza, resultando os gastos de verificación a cargo da entidade subministradora.

As tolerancias para a verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou organismo equivalente.

No caso de verificación dun funcionamento incorrecto, e exclusivamente para aqueles casos nos que o proponente sexa o abonado, o servizo procederá a reface-las liquidacións por consumo de auga, corrixiadas nas porcentaxes de desviación detectadas, correspondentes ós seis meses anteriores ó momento da petición de verificación polo abonado.

### **Artigo 33. Cambio de situación.**

A instalación que ha de servir de base para a colocación dos contadores ou aparellos de medida, deberá ser realizada por instalador autorizado, por conta e a cargo do titular do inmovible, e en lugar que cumpra as condicións regulamentarias.

Calquera modificación da situación do contador ou aparello de medida, dentro do recinto ou propiedade ó que a subministración estea adscrita, sempre serán a cargo de parte a se levara a cabo a instancia. Non obstante, será sempre a cargo do abonado, toda modificación na situación do contador ocasionado por calquera dos seguintes motivos:

- a) Por obras de reformas efectuadas polo abonado con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.
- b) Cando a instalación do contador non responda ás esixencias deste regulamento, e se produza un cambio na titularidade da subministración.
- c) Cando o uso do servizo responda a actividades relacionadas con actividades comerciais e este suxeito a cambios técnicos ou de outra índole.

## **Capítulo VII**

### **Condicións da subministración de auga.**

#### **Artigo 34. Carácter da subministración**

En función do uso que se faga da auga, o carácter da subministración tipificarase en: usos domésticos e outros usos.



### **Artigo 35. Subministracións para usos domésticos.**

Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender as necesidades primarias da vida.

Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivenda, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial ou profesional de ningún tipo.

Quedan igualmente excluídos os locais destinados a cocheiras, aínda cando sexan de uso particular e para un só vehículo, e sexan independentes da vivenda.

### **Artigo 36. Subministración para outros usos.**

Serán todos aqueles nos que a auga non se utilice para os fins expostos no apartado anterior.

En función do carácter do suxeito contratante da subministración, esta tipificarase en:

a) Subministracións para usos comerciais: consideraranse como tales todas aquelas subministracións nos que a auga constitúa un elemento indirecto e non básico na actividade profesional, comercial, fabril ou industrial.

b) Subministracións para usos industriais: entenderanse como tales todas aquelas subministracións nos que a auga constitúa un elemento directo e básico, ou imprescindible na actividade industrial.

c) Subministracións usos municipais: serán aqueles que corresponden ós edificios, instalacións, centros ou servicios xestionados exclusivamente polo Concello, sen contraprestación económica ningunha pola actividade desenvolvida.

d) Subministracións obra: serán aqueles cando o abonado se dispoña a efectuar calquera tipo de edificación e contrate a auga con destino a ela.

e) Subministracións agrícolas: a subministración agrícola é a destinada ó rego para a obtención de produtos agrícolas, comprendidas as explotacións industriais de floricultura. O prestador do servizo non estará obrigado a este tipo de subministración.

f) As instalacións contra incendios no interior das edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirán o establecemento dunha subministración de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, para tódolos efectos, das condicións que este regulamento prescribe para as instalacións destinadas ó abastecemento ordinario.

A conexión á rede pública de distribución dunha subministración contra incendios requirirá a formalización previa do contrato de subministración correspondente entre a entidade subministradora e o abonado.

g) Subministracións para outros usuarios: consideraranse como tales, aqueles non enumerados nos demais grupos deste mesmo apartado, tales como: abonados circunstanciais ou esporádicos por razóns de feiras, etc.; concertos de subministración por aforo para un fin específico; convenios a tanto alzado, etc.

h) *Subministracións a naves agropecuarias: serán as que correspondan a aquelas naves agropecuarias con uso agrícola ou gandeiro que ou ben dispoñan de licenza de apertura/ permiso de actividade ou ben soliciten a tramitación da citada licenza/ permiso, sempre e cando a rede discorra pola parcela, ou de non ser así, cando o interesado asuma os custos de conexión.*

## **Capítulo VIII**

### **Contratación da subministración**

#### **Artigo 37. Obxecto e alcance do contrato.**



Os contratos de subministración formalizaranse para cada vivenda, piso local, industria ou obra que constituía unha unidade independente.

Cada subministración quedará adscrito ós fins para os que se concedeu, non podendo dedicarlo a outros fins ou modifica-lo seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, se é o caso, o contrato conseguinte.

#### **Artigo 38. Suxeitos do contrato.**

Os contratos de subministracións formalizaranse entre o servizo e o titular do dereito de uso do predio, local ou industria para abastecer, ou por quen o represente.

#### **Artigo 39. Duración da póliza.**

Os contratos consideraranse estipulados polo prazo fixado na póliza e enténdense tacitamente prorrogados polo mesmo período, a menos que unha das partes, cun mes de antelación, avise de forma expresa e por escrito á outra parte do desexo de dalo por finalizado. No obstante, se dentro do primeiro ano contado dende o inicio da subministración, o abonado, por calquera causa, dese por finalizado o contrato, correrán ó seu cargo os gastos causados por esta resolución.

#### **Artigo 40. Pluralidade de pólizas no inmovible.**

Estenderase unha póliza de aboamento por cada vivenda, local ou dependencia independentes, aínda que pertencen ó mesmo propietario ou arrendatario e sexan contiguas.

No caso de sistemas conxuntos de calefacción ou auga quente, dispositivos de rega de xardíns, etc., deberase suscribir unha póliza xeral de aboamento, independente das restantes do inmovible, a nome da propiedade ou comunidade de propietarios.

Cando unha soa póliza de aboamento xeral correspondente a todo o inmovible, sen existencia de pólizas individuais para a vivenda, local ou dependencia, aplicaranse sobre esta póliza xeral tantas cotas de servizo e/ou mínimos como vivendas, locais ou dependencias que, susceptibles de aboamento, se sirvan mediante a subministración xeral, e a tarifa máis elevada que corresponda.

Esta modalidade de contratación será unha excepción, que incluírá a aqueles aboados existentes no momento da entrada en vigor deste regulamento.

#### **Artigo 41. Suscrición da póliza.**

Non se levará a cabo ningunha subministración sen que o usuario suscriba co prestador do servizo a correspondente póliza de aboamento ou contrato de subministración. Unha vez concedida a subministración este non será efectivo ata que o abonado non fixera efectivos os traballos de conexión, fianza e dereitos establecidos na ordenanza fiscal.

Á solicitude de subministración, o petionario acompañará a documentación seguinte:

- a) Boletín de instalador, visado pola Delegación Provincial competente en materia de industria.
- b) Escritura de propiedade, contrato de arrendamento ou documento que acredite o dereito de dispoñibilidade sobre o inmovible para o que solicite a subministración.
- c) Documento que acredite a personalidade do contratante.
- d) No caso de vivenda, cédula de habitabilidade e, se cabe, licenzia de primeira ocupación.
- e) Se é local comercial ou industria, a licenzia de apertura.
- f) Se é unha subministración por obras, a licenzia municipal de obras en vixencia.
- g) Aquela outra documentación que requira en cada municipio o concello respectivo.

#### **Artigo 42. Causas de denegación do contrato.**



A facultade de concesión da subministración de auga correspondente ás entidades subministradoras, con suxeición ás normas regulamentarias vixentes.

A entidade subministra d o ra poderá denega-la contratación da subministración nos seguintes casos:

1.- Cando a persoa ou entidade que solicite a subministración se negue a asina-lo contrato extendido dacordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre contratación da subministración de auga, ou cando non presente a documentación preceptiva ou non efectúe os pagos correspondentes.

2.- Por inadecuación das instalacións interiores ás prescricións regulamentarias vixentes no momento da petición.

3.- Cando para o local para o que se solicita a subministración exista outro contrato de subministración anterior e en plena vixencia.

4.- Cando o petionario da subministración non acredítase fidedignamente a obtención das autoridades de terceiros que correspondan ou se é o caso, establecemento das servidumes, con inscrición rexistral, que sexan necesarias para levar a cabo as obras e instalacións para a prestación dos servicios solicitados.

5.- Cando exista pendente unha liquidación por fraude.

6.- Cando non dispoña de conexión para subministración de auga.

#### **Artigo 43. Fianzas.**

Para atende-lo pagamento de calquera posible descuberto ou dano nas instalacións do servico, imputable ó abonado, este estará obrigado a depositar na caixa daquel, no momento de contrata-lo servico, unha cantidade en concepto de fianza equivalente ó importe resultante da suma de catro recibos, supoñendo un consumo mensual de 20 horas de caudal nominal do contador instalado.

Para subministracións con contadores de calibre superior a 100 mm, a fianza será en tódolos casos a que corresponda a un contador de 100 mm.

Para subministracións que, de forma excepcional, se concederá sen contador, tomarase como equivalencia de calibre empregado ou da conexión, calculándose a fianza co mesmo criterio indicado anteriormente.

Nos casos de subministracións contra incendios, a fianza será a que corresponda ó mesmo tipo de subministración cun contador de 25mm de calibre.

Nos casos de subministracións esporádicos, temporais ou circunstanciaís, solicitados con este carácter, indistintamente do seu contido, o importe da fianza poderase elevar ata o quíntuplo da contía que resultase do disposto anteriormente.

#### **Artigo 44. Contratos para estender.**

Os contratos estableceranse para cada tipo de subministración, sendo polo tanto, obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

#### **Artigo 45. Traslado e cambio de abonados.**

Os traslados de domicilios e a ocupación do mesmo local por persoa distinta da que suscribiu o contrato, esixen novo contrato, se é o caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran os requisitos establecidos neste regulamento.

#### **Artigo 46. subrogación.**

Ó falecemento do titular da póliza de aboamento, o seu cónxuxe, descendentes, fillos adoptivos plenos, ascendentes e irmáns, que conviven habitualmente na vivenda, alomenos con dous anos de



antelación a data do falecemento, poderán subrogarse nos dereitos e obrigas da póliza. Non serán necesarios os dous anos de convivencia para os que estivesen sometidos á patria potestade do falecido nin para o cónxuxe.

Tamén poderá subrogarse calquera outro herdeiro legativo se vai suceder ó causante na propiedade ou uso da vivenda ou local no que se realice a subministración.

No caso de entidades xurídicas, que se subroge ou substitúa en dereitos ou obrigas poderá face-lo propio na póliza de aboamento, condicionado á prestación ante a entidade subministradora de tódalas autorizacións administrativas necesarias.

O prazo para subrogarse será de doce meses a partir da data do feito causante.

#### **Artigo 47. Contratos de subministracións temporais.**

Para a execución de obras de urbanización ou ordinarias e daquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, a entidade subministradora autorizará, a petición da entidade pública ou do contratista adxudicado da obra, o uso da auga procedente das bocas de rego ou hidrantes.

Cando o solicitante sexa o contratista, deberá constituír previamente ante a entidade subministradora, para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ó dobre do valor de reposición da boca de rego ou hidrante, a constitución deste depósito e o dereito a utiliza-la auga por estes medios quedará reflectido no acordo específico. O depósito seralle devolto ó contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización da subministración, se non se produciran danos.

O consumo de auga a que se refire o presente artigo será abonado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que a entidade subministradora instalará para tal efecto.

Salvo os casos previstos nos anteriores parágrafos deste artigo, a utiización das bocas de rego ou hidrantes só estará permitida ós servizos públicos de extinción de incendios e a outros servizos municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pagamento os consumos que se produzan pola utilización daquelas.

### **Capítulo IX**

#### **Regularidade na subministración.**

##### **Artigo 48. Garantía de presión e caudal.**

O servizo está obrigado a tomar tódalas medidas para garanti-la subministración á altura da rasante da vía pública pola que o inmovible teña a súa entrada.

Cando as condicións técnicas da subministración (presión e/ou caudal) sexan insuficientes para as necesidades deste, o abonado deberá realizar ó seu cargo as instalacións necesarias para a consecución das ditas condicións, utilizando para eso os sistemas e materiais homologados polos organismos competentes.

##### **Artigo 49. Continuidade no servizo.**

Salvo causa de forza maior, ou averías nas instalacións públicas, as entidades subministradores teñen a obriga de manter permanentemente o servizo, cando non conste o contrario nos contratos ou pólizas de subministración, nas condicións indicadas no artigo anterior.

##### **Artigo 50. Suspensións temporais.**

As entidades subministradoras poderán suspender temporalmente o servizo cando:



- a) Sexa imprescindible para proceder ó mantemento, reparación ou mellora das instalacións ó seu cargo.
- b) No suposto de perda da condición de potabilidade da auga e implique un risco inminente para a saúde da poboación abastecida.

Nos cortes previsibles e programados, as entidades subministradoras deberán avisar como mínimo con vinte e catro horas de anticipación, a través, polo menos, dun dos medios de comunicación de maior difusión na localidade, ós usuarios. No caso de non poder facelo a través dos medios de comunicación, deberá darlle publicidade por outros medios ó seu alcance coa suficiente antelación, de tal forma que quede garantida a información do corte.

A interrupción da subministración por averías nas instalacións a cargo das entidades subministradoras, non derivadas de forza maior, por un período continuado superior a 9 días, dará dereito ó abonado a reclamar daquelas o reintegro da parte proporcional da súa cota fixa.

O servizo comunicará o tempo aproximado que durará dita interrupción e o horario para as restriccións que se inpoñan ós abonados a quen afectan as vicisitudes do servizo. Só en casos de recoñecida urxencia e forza maior, poderá o servizo prescindir desta obriga de previo aviso.

### ***Artigo 51. Reservas de auga.***

Sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector, tódolos locais nos que se realice calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inexcusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens e, especialmente, nos centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais deberán dispor de depósitos de reserva con capacidade suficiente de adoptar, en xeral, as medidas necesarias para garanti-la continuidade do servizo.

Igualmente deberá dimensionar e establece-las súas reservas as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos, de forma que quede asegurado o seu autoabastecemento mínimo durante, polo menos, 24 horas.

O prestador do servizo quedará exonerado de responsabilidade civil nos casos, que polas súas características especiais, deberán proveerse de medios de reserva.

### ***Artigo 52. Restriccións na subministración.***

O servizo municipal de abastecemento de auga potable ten por obxecto satisfacer as necesidades da poboación urbana. As conexións de auga para outros usos, faranse soamente no caso de que as necesidades de abastecemento da poboación o permitan.

Cando o Concello o considere necesario e por acordo do órgano municipal competente, poderá en calquera momento rebaixar e, incluso, suspender o servizo para usos non domésticos, sen que por eso o Concello contraia obriga ningunha de indemnización, xa que estas subministracións quedan en todo momento subordinados ás esixencias de consumo doméstico da poboación. No caso de imporse restriccións na subministración, estas afectarían en primeiro lugar ás subministracións para rega de xardíns, predios de recreo e seguidamente ás subministracións de usos agrícolas e de rego e industriais.

Neste caso, as entidades subministradoras estarán obrigadas a informar ós abonados, o máis claramente posible, das medidas que se van implantar, así como a data de inicio destas, a través dos medios de comunicación.

## ***Capítulo X***

### ***Lecturas, consumos e facturacións.***

### ***Artigo 53. Periodicidade de lecturas.***





As entidades subministradoras estarán obrigadas a establecer un sistema de toma de lecturas permanente e periódico, de forma que, para cada abonado os ciclos de lecturas conteñan, no posible, o mesmo número de días.

A facturación de consumos farase trimestralmente.

#### **Artigo 54. Horario de lecturas.**

A toma de lectura será realizada en horas hábiles ou de normal relación co exterior polo persoal autorizado expresamente pola entidade subministradora, provisto da súa correspondente documentación de identidade.

En ningún caso o abonado poderá impo-la obriga de tomar-la lectura fóra do horario que teña establecido a entidade subministradora para tal efecto.

Naqueles casos nos que se conceda subministracións eventuais, controlados mediante equipos de medida de tipo móbil, o abonado estará obrigado a presentar, nos lugares ou locais establecidos para o efecto no correspondente contrato ou concesión, e dentro das datas igualmente establecidas no dito documento, os mencionados equipos de medida para a súa toma de lectura.

#### **Artigo 55. Lectura polo abonado.**

Cando por ausencia do abonado non fose posible a toma de lectura, o persoal encargado desta depositará no buzón de correos do abonado unha tarxeta na que deberá constar:

- a) Nome do abonado e domicilio da subministración.
- b) Data en que efectuou a lectura.
- c) Data en que o abonado efectuou a súa lectura.
- d) Prazo máximo para facilita-la dita lectura.
- e) Representación gráfica da esfera ou sistema de contador que marque a lectura, exposta de forma que resulte fácil determinala.
- f) Diferentes formas de facer chegar a lectura do seu prezo fixado, esta procederá a realizar unha estimación dos consumos para evitar unha acumulación destes.

A entidade subministradora guiarase, para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparellos de medida do servizo, non vindo obrigado a aceptalas reclamacións que se apoiem en lecturas dos contadores non instalados por este.

Calquera fuga de auga que sexa medida polo contador será facturada ó abonado de acordo coas tarifas correspondentes.

#### **Artigo 57. Consumos estimados.**

Cando non sexa posible coñece-los consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, ausencia do abonado no momento no que se intentou a lectura, ou por causas imputables á entidade subministradora, a facturación do consumo efectuarase consonte co consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir, liquidaranse as facturacións consonte coa medida dos seis períodos anteriores.

Aqueles casos nos que non existan datos históricos para poder obte-la media a que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinaranse con base na media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores. Se tampouco esto fora posible, facturarase un consumo equivalente á capacidade nominal do contador por 30 horas de utilización trimestral.



Os consumos así estimados, terán o carácter definitivo no suposto de avaría no contador, e a conta nos outros supostos, nos que, unha vez obtida a lectura real, normalizarase a situación, por exceso ou por defecto, nas facturacións do seguinte período.

No suposto de avaría corresponderalle ó servizo efectua-la substitución do contador, e a conta nos outros supostos, nos que, unha vez obtida a lectura real, normalizarase a situación, por exceso ou por defecto, na facturacións do seguinte período.

No suposto de avaría corresponderalle ó servizo efectua-la substitución do contador coa debida rapidez e ó usuario denunciar inmediatamente ó servizo as anomalías observadas. No caso de oposición por parte do aboadado á substitución do contador, ou á adecuación da instalación para proceder ó cambio, do servizo poderá facturar consumo estimado a raíz de aumentar un 50% a facturación estimada anterior.

Se por ausencia do abonado non fose posible le-lo contador durante catro períodos de facturación consecutivos, a entidade dirixirá un escrito ó abonado dándolle un prazo de dez días para normalizar tal situación. Transcorrido o dito prazo sen que o abonado estableza contacto coa entidade, esta incrementará un 10% a estimación do consumo, con comunicación ó abonado, de persistir outros 4 períodos suspenderase a subministración.

#### **Artigo 58. Obxecto e periodicidade da facturación.**

Será obxecto de facturación polas entidades subministradoras os conceptos que procedan en función da modalidade da subministración e as tarifas vixentes en cada momento.

A facturación realizarase por períodos trimestrais vencidos.

#### **Artigo 59. Requisitos de facturas e/ou recibos.**

Nas facturas ou recibos emitidos polas entidades subministra d o ras deb e r á n constar como mínimo, os seguintes conceptos:

- a) Domicilio obxecto ds subministración.
- b) Domicilio de notificación, se é distinto e figura como tal no contrato.
- c) Tarifa aplicada.
- d) Calibre do contador ou equipo de medida.
- e) Lecturas do contador que determinana o consumo facturado e data destas que definan o prazo de facturación
- f) Indicación de se os consumos facturados son reais ou estimados.
- g) Indicación do boletín oficial que estableza a tarifa aplicada.
- h) Indicación diferenciada dos conceptos que se facturen.
- i) Importe dos tributos que se repercutan.
- l) Importe total dos servizos que se presten.
- m) Teléfono e domicilio social da entidade subministradora a onde poden dirixirse para solicitar información.
- n) Domicilio ou domicilios de pago para efectualo.

#### **Artigo 60. Forma de pago das facturas ou recibos.**

O abonado poderá facer efectivo os importes facturados pola entidade subministradora nas súas oficinas, qu e teñen un horario de atención ó público para tal efecto, entidades de crédito ou outros establecementos autorizados polo servizo, ou ben a través da conta do abonado en casos



excepcionais, o abonado poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal ou transferencia bancaria similar, sempre coa conformidade previa e expresa da entidade subministradora.

No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ó abonado, será por conta deste a totalidade dos gastos que se produzan por motivo da dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

#### **Artigo 61. Prazo de pagamento.**

O abonado disporá dun prazo de trinta días contados a partir da data de emisión do recibo. De non facelo neste prazo, procederase á recarga con liquidación de intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da suspensión da subministración e das restantes accións legais que procedan para facer efectiva a cantidade non satisfeita.

#### **Artigo 62. Corrección de erros na facturación.**

O abonado poderá obter da entidade subministradora calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada coa subministración que se xenera nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

Nos casos de que por erro a entidade subministradora facturara cantidades inferiores ás debidas, escalonarase o pagamento da diferenza nun prazo que, salvo acordo en contrario, será de igual duración que o período a que se estenden as facturacións erróneas, cun tope máximo dun ano.

O abonado terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos ó servizo. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro da facturación, de medida ou calquera outra que provocara o erro. Se supera o prazo de 25 días, pagaranse interese de mora.

Cando o abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de reclamación, e acompañaranse con esta os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que ó caso corresponda.

O servizo queda obrigado a resolver sobre consumo de auga que non sexa formulada polo aboado ou persoa que o represente legalmente.

#### **Artigo 63. Suministros a tanto alzado.**

Naquelas instalacións nas que, polo seu carácter temporal, pola súa situación de precariedade ou, por calquera outra causa de excepcionalidade, se contratase a subministración por un volume ou caudal fixo, ou por cantidade predeterminada por unidade de tempo de utilización, non poderán imputarse outros consumos que os estrictamente pactados.

Igualmente, o contratante ou usuario desta subministración, non poderá aducir circunstancias ningunha que poida servir de base para posibles deducións nos consumos ou cantidades pactadas.

En casos, poderase efectuar a súa facturación de forma anticipada e coincidindo coa concesión daqueles.

#### **Artigo 64. Subministracións existente sen contador.**

Transitoriamente as subministracións actuais que non teñen contador facturaránse un mínimo de 50m<sup>3</sup> para usos domésticos e 200 m<sup>3</sup> para os demais usos, salvo os servizos públicos (fontes e demais instalacións de propiedade municipal).

### **Capítulo XI**



## ***Suspensión da subministración e rescisión do contrato.***

### ***Artigo 65. Causas de suspensión da subministración.***

As entidades subministradoras de auga poderán, sen prexuízo do exercicio das accións, de orde civil ou administrativa, que a lexislación vixente lles ampare, suspender a subministración ós seus abonados ou usuarios nos casos seguintes:

- a) Polo impago das facturacións dentro do prazo establecido para o efecto pola entidade.
- b) Cando o usuario goce da subministración sen contrato escrito a seu nome que o ampare e se negue á súa subscripción a requirimento da entidade subministradora.
- c) Por falta de pagamento, no prazo de 30 días hábiles contados a partir da data de comunicación, das entidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude.
- d) Insertar nos tubos de abastecemento, sen previa autorización da entidade subministradora, bombas ou calquera aparello que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución no seu contorno e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.
- e) No caso de que o abonado utilice a auga para regar hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual e o seu consumo exceda de 1,5 veces ó dunha de similares características, sen prexuízo de que, por causas excepcionais, o alcalde prohiba os consumos par estes usos, e así o dispoña mediante bando.
- f) En tódolos casos nos que o abonado use a auga que se lle subministre de forma ou para usos distintos dos contratados.
- g) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para a subministración de auga a outros predios, locais ou vivendas diferentes ós consignados no seu contrato de subministración.
- h) Cando o persoal da entidade subministradora encontre derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato ningún, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso poderá a entidade subministradora efectuar a suspensión inmediata de auga en tales derivacións.
- i) Cando o abonado non permita a entrada no local a que afecta a subministración contratada, nas horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado pola entidade e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se fixera constar negativa ante testigos ou en presenza dalgún axente da autoridade e, que deberá remitir ó órgano competente en materia de industria, xuntamente coa solicitude de suspensión de subministración.
- l) Cando o abonado non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato que teña establecido coa entidade ou as condicións xerais de utilización do servizo.
- m) Cando nas subministracións nas que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores, puidera afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, ata que, os abonados, tomen as medidas oportunas para tales situacións; en tal caso a entidade subministradora poderá realizar a suspensión inmediata da subministración, dando conta por escrito á delegación provincial competente en materia de industria.
- n) Pola negativa do abonado a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando eso fora preciso para substituí-lo contador por calquera das causas que autoriza este regulamento.
- ñ) Cando o abonado mesture augas doutra procedencia e requirido pola entidade subministradora para que anule esta anomalía, non a leve a efecto no prazo máximo de 5 días.



o) Cando durante doce meses persista a imposibilidade de toma-la lectura dentro do réxime normal establecido para o efecto, por causas imputables ó abonado, a entidade subministradora poderá suspender, transitoriamente, a subministración, ata tanto o abonado acceda a modificar, ó seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, d e forma que non dificulte o acceso a este para poder toma-la lectura.

p) Por negligencia do abonado respecto da reparación de avarías nas súas instalación se, unha vez notificado por escrito da entidade subministradora, transcorrese un prazo superior a 72 horas sen que a avaría fora reparada.

### **Artigo 66. Procedemento de suspensión.**

Con excepción dos casos de suspensión inmediata previstos neste regulamento, a entidade subministración deberá dar conta ó organismo competente en materia de industria e o abonado por correo certificado, considerándose que queda autorizado para a suspensión da subministración se non recibe orde en contrario do dito organismo no prazo de 15 días hábiles, contados a partir da data en que se deu conta dos feitos, salvo que o solicitado non se axustara a dereito.

A suspensión da subministración de auga por parte da entidade subministradora, salvo nos supostos de suspensión inmediata, non poderá realizarse en días festivos ou días en que por calquer motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención ó público, para os efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vispera do día en que se dean algunhas circunstancias.

O restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou, no seu defecto, ó seguinte día hábil en que fosen corrixidas as causas que orixinaron a suspensión da subministración.

A notificación da suspensión de subministración incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

- Nome e enderezo do abonado.
- Nome e enderezo do predio abastecido.
- Data a partir da cal se producirá o corte.
- Detalle da razón que orixina a suspensión.
- Nome, enderezo, teléfono e horario das oficinas comerciais da entidade subministradora en que poidan corrixirse as causas que orixinaron a suspensión.

A reconexión da subministración faraa a entidade subministradora, que poderá cobrar do abonado, por esta operación, unha cantidade máxima equivalente ó dobre da facturación dun consumo de 20 horas, do caudal nominal do contador instalado. O abonado non recuperará o servizo ata que non pague.

En ningún caso se poderán percibir estes dereitos se non se efectuou a suspensión da subministración.

Transcorridos 3 meses dende a suspensión da subministración sen que o abonado emendase calquera das causas establecidas no artigo 65 deste regulamento, polas cales se procedeu á citada suspensión, o servizo estará facturado para resolve-lo contrato, ó amparo do que dispón o artigo 1124 do Código Civil, sen prexuízo dos dereitos da entidade subministradora á existencia do pagamento da débeda e ó resarcimento dos danos e prexuízos, por calquera das causas seguintes:

- 1.- A petición do abonado.
- 2.- A petición do propietario do inmovible, aínda que non sexa o abonado, que se entenderá inescusable subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior abonado en relación cos incumprimentos do contrato.



3.- Por resolución da entidade subministradora, nos seguintes casos.

- a) Por persistencia durante máis de tres meses an calquera das causas de suspensión da subministración reguladas no artigo 66 deste regulamento.
- b) Por incumprimento do término ou condición do contrato de subministración.
- c) Por utilización da subministración sen se-lo titular contraactual desta.

4.- Por resolución da delegación provincial competente en materia de industria, trala audiencia ó interesado, a petición da entidade subministradora nos seguintes casos:

- a) Por uso dos ocupantes do predio abastecido ou condicións das súas instalación interiores, que entrañen perigosidade na seguridade da rede, potabilidade da auga ou danos a terceiros, sempre que estes non sexan corrixibles.
- b) Por incumprimento, por parte do abonado, do contrato de subministración ou das obrigas que del se deriven.
- c) Por cambio no uso dos servicios e instalacións para os que se contratou o servicio, así como por demolición, ampliación por reforma do predio para o que se contratou a subministración.

Non habendo resolución expresa da delegación provincial competente en materia de industria, considerarase positiva transcorridos tres meses dende que lle foi solicitada a petición, salvo que o solicitado coa entidade subministradora non se axustara a dereito.

A continuación da subministración despois de extinguirse o contrato por calquera das causas sinaladas anteriormente, só poderá efectuarse mediante nova solicitude, suscripción de novo contrato e pagamento dos dereitos correspondentes.

#### **Artigo 68. Retirada do aparello de medición.**

Resolto o contrato, o prestador do servicio retirará o contador, propiedade do abonado, en depósito e a disposición do abonado nas dependencias do prestador do servicio durante o prazo dun mes, a partir do cal o prestador do servicio poderá dispor libremente deste.

### **Capítulo XII**

#### **Fraudes na subministración de auga.**

#### **Artigo 69. Tipos de fraudes.**

A entidade subministradora considerará como fraude as seguintes situacións:

- a) Que non exista ningún contrato para a subministración de auga.
- b) Que por calquera procedemento, se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou aparello de medida.
- c) Que se realizasen derivación do caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.
- d) Que se utilice a auga para usos distintos ós contratados, afectando a facturación dos consumos segundo a tarifa para aplicar.

#### **Artigo 70. Actuación por anomalía.**

A entidade subministradora, á vista da información, requirirá ó propietario da instalación para que corrixa as deficiencias observadas nela, co apercibimento de que de non levalo a efecto no prazo de 72 horas se aplicará polo procedemento de suspensión da subministración que corresponda.



Cando o persoal da entidade subministradora encontre derivacións nas súas redes con utilización de subministración sen convenio ningún, é dicir, realizadas clandestinamente, as ditas entidades poderán efectuar a suspensión inmediata da subministración.

Se ó ir realiza-lo persoal facultativo a comprobación dunha denuncia por fraude se lle negara a entrada ó domicilio, poderase autorizar á entidade para suspender a subministración.

### **Artigo 71. Liquidación por fraude.**

A entidade subministradora practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

- a) Formularase unha liquidación por fraude que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente correspóndese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos do uso das instalacións citadas, e o momento no que corruxira a existencia da fraude detectada, sen que poida extenderse, en total, cinco anos.
- b) Se se falseasen as condicións do contador o aparello de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal deste, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do caudal nominal, computándose o tempo a considerar, sen que este tempo esceda do ano, descontándose os consumos que durante este período de tempo fosen abonados polo autor do fraude.
- c) Se a fraude se efectuou derivando o caudal do aparello do contador, liquidarese como o caso primeiro, de non existir contrato de subministración, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.
- d) Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor do servizo, aplicando ó consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período correspondente ó uso real que se está dando a auga, e as que, en dito período, se aplicaron en base ó uso contratado. Este período non poderá ser computado en máis dun ano.

En tódolos casos, o importe do fraude deducido consonte cos preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estará suxeito ós impostos que lle foran repercutibles, debéndose consignar a contía destes nas correspondentes liquidacións.

As liquidacións que formule a entidade subministradora serán notificadas ós interesados que contra desta poderán formular reclamacións ante o organismo competente en materia de consumo, no prazo de quince días contados dende a notificación da dita liquidación, sen prexuízo das demais accións nas que se consideren asistidos.

## **Capítulo XIII**

### **Réxime económico.**

#### **Artigo 72. Dereitos económicos.**

As entidades subministradoras, conforme a este regulamento, sen prexuízo das indemnizacións, dereitos ou accións que a lexislación vixente lles ampare, non poderán cobrar, por subministracións de auga potable, os seus abonados, outros conceptos distintos ós que especificamente se enumeran a continuación:

- Cota de servizo.
- Cota de consumo.
- Recargo de consumo.
- Dereitos de conexión.



- Cota de contratación.
- Canons.
- Fianzas.
- Servicios específicos.

### **Artigo 73. Sistema tarifado.**

Para os efectos deste regulamento, entenderase por sistema tarifa rio aquel conxunto de conceptos, dos relacionados no artigo 72, que conforme o prezo total que o abonado debe pagar.

Os impostos que racaian sobre o prezo final do servicio, non constitúen en elemento máis do sistema.

### **Artigo 74. Modalidades.**

É facultade da entidade subministradora, coas autorizacións que correspondan do ente local, determina-las modalidades e sistemas tarifarios que estime convenientes, de entre os tipos que, conforme ó disposto no artigo 34 deste regulamento, a continuación se sinalan:

- Doméstico.
- Comercial.
- Industrial.
- Outros usuarios.
- Municipais.
- Obras.
- Agrícolas.
- Contra incendios.

### **Artigo 75. Cota de servicio e cota de consumo.**

- Cota de servicio: é a cantidade fixa que periódicamente deben aboa-los usuarios para a dispoñibilidade que gozan, independentemente que faga n uso ou non do servicio.
- Cota variable de consumo. É a cantidade que aboa o usuario en función do consumo realizado a partir do mínimo establecido.

Para cuantificar esta cota poderanse aplica-los distintos tipos de tarifa que a continuación se detallan.

1. Tarifa de bloques crecentes: o consumo de auga descomponse en bloques de límites preestablecidos, ós que se aplican prezos que resultan cada vez máis elevados.

a) Nos casos de organismos oficiais só se establecerá un bloque.

## **Capítulo XIV**

### **Disposicións**

#### **Disposición transitoria.**

Os contratos existentes á entrada en vigor deste regulamento adoptaranse de oficio ás disposicións deste, quedando os usuarios obrigados ó cumprimento de tódalas súas prescricións sen prexuízo de que en cada caso o servicio proceda a respecta-los dereitos lexítimos adquiridos polos abonados. En todo caso dereitos consideraranse a extinguir a terminación do contrato anteriormente existente.

#### **Disposición final.**





En todo o non previsto neste regulamento, o servizo aplicará as normas que por analogía e bo criterio procedan sempre que non contradigan as disposicións do Regulamento de servizos das corporacións locais e da lei de réxime local, que rexerán con carácter subsidiario.

